

## **A Admón., ao parecer, non pode traballar cun Goberno en funcións**

A CIG foi convocada a unha reunión da Mesa Delegada da Seguridade Social tendo como principais puntos na orde do día o seguimento do Acordo do Plan de RRHH do 16 de maio e os acordos adoitados nos Grupos de Traballo, e a avaliación de como afecta ás condicións de traballo as novas fórmulas organizativas de xestión. Una vez mais asistimos a unha xuntanza sen ter documentación previa, e neste caso nin previa nin posterior...

### **Acordo Plan estratéxico de RRHH**

A Admón. nomea os puntos onde, segundo eles, están cumprindo o Acordo, no traballo non presencial e a Oferta de Emprego Público. E dicimos segundo eles, porque aínda hai lugares onde se poñen trabas para o traballo a distancia, e porque as prazas de C1 da Seguridade Social están sen convocar aínda.

Por outra parte nomea a Admón. outros asuntos nos que aínda están traballando neles. Asuntos como a creación Axencia da Administración da Seguridade Social, a provisión de postos con periodicidade anual, os comités provincias de prevención de riscos, a modificación do sistema de produtividades e a unificación da formación. E xustifican “estar traballando neles”, ou inacción dende o noso punto de vista, en que o Goberno está en funcións e que o posto do Subsecretario está vacante.

A CIG protestou pois a Admón. nunca está en funcións, todas as persoas que traballan na Seguridade Social seguen desempeñando as súas funcións día a día, e o Ministerio ten o deber de facer o mesmo. Por outra banda, a ausencia dun Subsecretario non supón un baleiro legal pois outro cargo asume as súas funcións.

### **Novas fórmulas organizativas de xestión e a súa afectación nas condicións de traballo do persoal**

Neste punto toma a palabra a TXSS e explica un dos puntos máis importantes das queixas: a atención telefónica ininterrompida de 9 a 18h que quere garantir cun persoal que non ten obriga de facer ese mesmo horario.

A TXSS fía todo á tarde semanal que ten que facer o persoal e logo á “voluntariedade do persoal”. Escúsanse en dicir que levan poucos días aínda e que non teñen datos de abondo.

A CIG manifestou que é intolerábel que se fíe garantir un servizo público á voluntariedade do persoal. Máis aínda cando existe o risco de que certos xestores teñan a tentación de presionar para conseguir esa voluntariedade, algo que a CIG non tolerará.

As condicións de xornada e horarios están recollidos no Calendario Laboral da Seguridade Social, e co que aí está aprobado o persoal non ten obriga de facer máis horas para atender o servizo telefónico.

### **Traballo non presencial e Calendario Laboral**

Único punto do acordo que se cumpre por parta da Administración, aínda que ao noso entender non como tería que ser, xa que as condicións horarias non son as mesmas que as de xornada presencial, e iso e debido a que as Entidades fixeron os seus plans sen contar coa parte social. A día de hoxe non temos datos dos resultados acadados pola aplicación deste tipo de traballo, pero entendemos que e o momento da súa revisión tal e como se establece no acordo, para poder avanzar e aumentar o número de días para facer este tipo de traballo, o que conleva tamén a unha revisión da Instrución de Xornada e Horarios, para adaptala a situación actual.

### **Acción Social.**

A CIG considera que o plan de Acción Social está obsoleto, sobre todo pola falta de fondos que foron retirados e non devoltos, para cumprir cos seus obxectivos, polo que pedimos unha convocatoria do grupo de traballo, para elaborar un novo plan.

### **Produtividade**

Como vimos dicindo dende hai tempo, a produtividade por cumprimento de obxectivos, non se axusta a realidade do traballo tal e como se está desenrolando hoxe en día, polo que e necesario chegar a un novo acordo, no que entre outras cousas e preciso eliminar a competencia entre provincias.

### **OEP, Prevención, cobertura de postos...**

Coméntannos que están traballando de cara a poder convocar neste último trimestre, e en todo caso antes do 31 de decembro, tanto as prazas da oferta de emprego, como o concurso dos Servizos de Prevención. Parece ser tamén que o INSS está traballando nun concurso específico.

En definitiva, moi poucos ou ningúns avances no cumprimento do Acordo, poucas explicacións válidas porque é moi difícil xustificar a inacción e o compromiso de convocar de novo os grupos de traballo para ir avanzado nos temas, nos que a CIG volverá a presentar as propostas que ten, e que xa fixo anteriormente, para mellorar as condicións de traballo do noso persoal.

**Galiza, 18 de outubro de 2023**

**SEGUIREMOS INFORMANDO...**